

## ORDENANZA FISCAL NÚM. 2

### TAXA PARA O SUMINISTRO DE AUGA

#### *Artigo 1. Fundamento e natureza.*

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e de conformidade co disposto no artigos 15 a 19 da Lei 39/88 de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, Texto Refundido aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, este Concello establece a taxa polo servizo de abastecemento de auga, que se rexirá pola presente ordenanza fiscal, cuas normas atenden ó disposto no artigo 57 da citada Lei 39/1988.

#### *Artigo 2. Feito imponible.*

Constitúe o feito imponible da taxa a prestación de servizos públicos por distribución de auga e outros suministros públicos, incluídos os dereitos de conexión de liñas e colocación e utilización de contadores e instalacións análogas, cando os servizos ou suministros sexan prestados polo Concello, nos termos especificados nas tarifas contidas no artigo 6 da presente ordenanza.

Non constitúe feito imponible o abastecemento particular da auga que ven realizándose a través de manancías ou outros aproveitamentos de augas potables, salvo que acordase este Concello a municipalización dos mesmos.

#### *Artigo 3. Suxeitos pasivos.*

1.- Son suxeitos pasivos desta taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria que soliciten ou resulten beneficiados ou afectados, polos servizos de distribución de auga e outros abastecementos públicos que constitúen o feito imponible da taxa.

2.- Cando os suministros ou servizos regulados nesta Ordenanza sexan solicitados ou recibidos por ocupantes de vivendas e locais diferentes dos propietarios do inmovible, estes terán a condición de substitutos do contribuínte.

Os substitutos do contribuínte poderán repercutir as cuotas da taxa sobre os beneficiarios.

#### *Artigo 4. Responsables.*

1.- Responden solidariamente das obrigacións tributarias tódalas persoas que sexan causantes dunha infracción tributaria ou que colaboren en cometela.

2.- Os copartícipes ou cotitulares das Entidades xurídicas ou económicas a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria responderán solidariamente en proporción as súas respectivas participacións das obrigas tributarias destas Entidades.

3.- No suposto de sociedades ou entidades disoltas e liquidadas, as súas obrigas tributarias pendentes transmitíranse aos socios ou partícipes no capital, que responderán delas solidariamente e ata o límite do valor da cuota de liquidación que se lles houbera adxudicado.

4.- Os administradores de persoas xurídicas que non realizaron os actos da súa incumbencia para o cumprimento das obrigas tributarias de aquelas responderán subsidiariamente das débedas seguintes:

- a) Cando se cometeu unha infracción tributaria simple, do importe da sanción.
- b) Cando se cometeu unha infracción tributaria grave, da totalidade da débeda esixible.
- c) No suposto de cese das actividades da sociedade, do importe das obrigas tributarias pendentes na data do cese.

5.- A responsabilidade esixirse en calquera caso nos termos e de acordo co procedemento previsto na Lei Xeral Tributaria.

6.- As taxas liquidadas a persoas físicas e xurídicas que destinen os suministros e servicios obxecto de esta taxa para o exercicio de explotacións e actividades económicas, poderán esixirse ás persoas que sucedan ao debedor no exercicio da actividade económica.

7.- O interesado que pretenda adquirir a titularidade da actividade económica, previa conformidade do titular actual, poderá solicitar do Concello certificación das débedas por taxas dimanantes do exercicio da explotación mencionada. No caso de que a certificación se expida con contido negativo, o solicitante estará exento de responsabilidade polas débedas existentes na data de adquisición da explotación económica.

#### *Artigo 5.- Beneficios fiscais.*

Non se aplicarán exencións, bonificacións nin reducións para a determinación da débeda tributaria que os suxeitos pasivos deban satisfacer para esta taxa.

#### Artigo 6.- Cota Tributaria

- a) Por dereitos de conexión ou enganche á rede: 50,00 Euros
- b) Por consumos:
  - b.1) Domésticos:
    - 1) Cota fixa por abonado e mes: 3,07 Euros
    - 2) Por tramos de consumos (eur/m3):

De 0 a 10 m3/ab.mes	0,37851	Euros
De 11 a 30 m3/ab.mes	0,49404	Euros
De 31 a 50 m3/ab.mes	0,64449	Euros
De 51 a 80 m3/ab.mes	1,19691	Euros
De 81 a 100 m3/ab.mes	2,37336	Euros
A partir de 101 m3/ab.mes	4,2966	Euros
  - b.2) Industrias:
    - 1) Cota fixa por abonado e mes: 3,07 Euros
    - 2) Por tramos de consumos:

Dende 0 m3/abonado/mes	0,40920	Euros
------------------------	---------	-------
- c) Por mantemento do Contador (abonado e mes) 0,5 €
- d) As presentes tarifas actualizaranse anualmente co IPC. "

#### *Artigo 7. Obrigación de pagamento.-*

A obriga de pagamento da taxa nace cando se inicia a prestación do servizo.

#### *Artigo 8. Xestión de cobranza.*

1.- A taxa por recepción dos suministros detallados nas tarifas determinarase aplicando sobre os consumos as cuantías que se conteñen nas citadas tarifas.

2.- A liquidación practicarase trimestralmente e poderá esixirse o seu pago por domiciliación bancaria. Solo en casos excepcionais aceptarase que o pago se efectue na oficina do Concello que ao efecto se designe.

3.- O cargo da débeda na conta bancaria designada polo interesado efectuarase dentro da segunda quincena do mes natural seguinte ao de finalización do trimestre e comprenderá a taxa acreditada polos suministros do anterior trimestre.

4.- Transcurridos dous meses dende a conclusión da quincena en que se poñen ao cobro os recibos por suministro regulados nesta Ordenanza, iníciase o período executivo que comporta o devengo do recargo de apremio e dos intereses de demora.

#### *Artigo 9. Notificacións das taxas.*

1.- A notificación da débeda tributaria nos supostos de servizos singulares realizarase ao interesado, no momento en que se presenta a autoliquidación, con carácter previo á prestación do servizo.

A pesar do previsto no apartado anterior, si unha vez verificada a autoliquidación resultase incorrecta, practícase unha liquidación complementaria.

2.- Nos supostos de esixibilidade da taxa por suministros continuados, coa finalidade de practicar a notificación colectiva esixida polo artigo 124.3 da Lei Xeral Tributaria, procederase de modo que se establezca nos apartados 3 e 4 deste artigo.

3.- Cando o interesado solicite a alta no rexistro de usuarios, e así se autorice, notificaraselle a inclusión no padrón de contribuintes.

4.- Anualmente, na segunda quincena do mes de xaneiro, exporase ao público no taboleiro de anuncios do Concello o censo de contribuintes que teñan esta condición con referencia a data de 1 de xaneiro.

5.- Da cuota que trimestralmente se liquidará por consumos do período anterior o interesado pode obter información persoal, escrita ou telefónicamente durante a quincena anterior a aquela na que se procederá ao cobro da taxa.

#### *Artigo 10. Xestión por delegación.*

1.- Si a xestión do tributo se delegara á Deputación de Ourense, as normas contidas nos exercicios anteriores serán aplicables ás actuacións que debe facer a Administración delegada.

2.- Tódalas actuacións de xestión e recadación que leve a cabo o Organismo de Xestión Tributaria axustaranse ao que prevé na normativa vixente e a súa Ordenanza Xeral de Xestión, Inspección e Recadación, aplicable aos procesos de xestión dos

ingresos locais, a titularidade dos cales corresponde aos Municipios da provincia de Ourense que delegaron as súas facultades á Deputación.

*Artigo 11.- Infraccións e sancións.*

As infraccións e sancións en materia tributaria rexiranse en materia tributaria e polo disposto na Lei Xeral Tributaria, a súa normativa de desenrolo e na Ordenanza Xeral de Xestión, Inspección e Recadación que no seu caso fose aprobada polo Concello.

*Artigo 12.- Normas de xestión.*

1. Toda autorización para desfrutar do servizo de subministración de auga levará aparellada a obriga de instalar contador, debendo ser individual para cada vivenda ecolocarse nun sitio visible e de facil acceso para que permita a clara lectura dos consumos. O contador poderá ser facilitado ou homologado polo Concello. Se o facilitase o Concello, o abonado satisfará o seu prezo de custo.

2. A subministración de auga ó domicilio confírelle ó usuario a facultade de consumir auga para usos domésticos ou industriais, entendendose por usos domésticos todas as aplicacións para atender as necesidades de vida e hixiene persoal e doméstica e de lavado de roupa. Por uso industrial entenderase a subministración de auga a calquera local que non teña a consideración de vivenda, incluíndose neste concepto aquelas actividades instaladas ou anexas á vivenda, como cortes, adegas, tendas ou bares.

3. A utilización da subministración de auga farase tomando o abonado a que necesite, determinándose o volume consumido mediante un aparello contador.

4. Quedan prohibidas as utilizacións de auga de rede xeral de abastecemento para rega de xardíns, leiras ou lavado de automóveis con manguera de presión. Nembargantes, durante as épocas de abundancia de auga, a Alcaldía poderá autorizar tales usos mediante bandos xerais, sempre que quede garantido o abastecemento domiciliario e industrial.

5. O concello en ningún caso garante a cantidade de subministración, que sempre terá o carácter de precario para os usuarios, así como tampouco responde nin se responsabiliza dos posibles danos, prexuízos ou deterioros que puideran causar nos bens dos mesmos a falta ou insuficiencia de caudal.

6. O concello por resolución da Alcaldía poderá ordenar o corte da subministración por non pagamento de tres recibos consecutivos. A rehabilitación do servizo farase despois do pagamento do adebedado, con novos dereitos de conexión.

7. O concello por medio dos seus empregados e axentes, tendereito de inspección e vixilancia das conduccións, instalacións e aparellos, tanto en vías públicas ou privadas como en predios de particulares. Ningún abonado poderá oporse á entrada nas súas propiedades para a inspección do servizo, que deberá levarse a cabo en horas de luz solar, salvo casos graves ou urxentes a xuízo do Alcalde.

8. A facultade conferida no punto anterior enténdese limitada ás tomas da rede xeral e a posible existencia de inxertos ou derivacións non controlados como usos distintos dos autorizados, así como da defraudación en xeral.

En caso de oporse o usuario ó establecido nos puntos anteriores, procederase ó corte da subministración e para retablecela deberá autorizarse a inspección, debendo aboar novos dereitos de conexión.

9. As sancións por incumprimento do establecido neste artigo, que pode impor a Alcaldía, consistirán no pagamento do duplo da taxa que corresponda seguindo a lectura do contador.

10. No caso de que se defraudase por calquera tipo de manipulación a lectura do contador correspondente ou se realizara calquera tipo de acción conducente a evitar dita lectura, este Concello fará unha estimación da cantidade consumida polo defraudador equivalente a 100 m<sup>3</sup>, aplicándosele ó importe que corresponde a sanción que se establece no punto anterior.

11.- Tanto nos casos establecidos nos puntos anteriores do presente artigo, como en tódolos actos que sexan sancionables pola administración municipal, esta sanción irá sempre acompañada do aboamento por parte do infractor de novos dereitos de conexión.

A Mezquita, Outubro de 2023

O ALCALDE,

(documento asinado dixitalmente na marxe)

Asdo.: Rafael Pérez Vázquez